

## **Normativa de recoñecemento mutuo de estudos ao abeiro de programas de intercambio**

Mais alá da permeabilidade que o EEES supón para os titulados superiores, as institucións de educación superior deben proporcionar un maior valor engadido aos estudos universitarios, proporcionando maiores índices de competitividade aos seus titulados en ámbitos xeográficos cada vez máis amplos.

A presente normativa ten como obxectivo regular as condicións para o recoñecemento mutuo de estudos entre a Universidade de Vigo e os seus parceiros internacionais, co obxectivo de que o estudiantado de intercambio provinte dos nosos parceiros poida obter un título de grao ou master da Universidade de Vigo e, de xeito semellante, os nosos estudantes poidan obter unha titulación equivalente de dita universidade estranxeira, sempre que se dean as condicións académicas que así o permitan.

Para acadar este obxectivo, esta normativa establece as condicións xerais polas que a Universidade de Vigo poderá asinar acordos específicos para o recoñecemento mútuo de estudos de grao ou master cos seus parceiros internacionais. Con elo contribúese á internacionalización da nosa universidade, e de xeito relevante á do noso estudiantado e titulados e tituladas xa que, ademais de ter a experiencia de vivir outra realidade sociocultural, a posibilidade de obter unha titulación adicional noutra universidade permitiránlle ter a capacitación profesional recoñecida de calquera persoa cunha titulación semellante do país de acollida, evitando procesos de homologación ou convalidación do seu título, ou mesmo volver a realizar estudos coas mesmas características cos xa superados na nosa Universidade. Por outra banda, con estas alianzas contribúese a superar as barreiras que teñen os países con respecto ao outorgamento de titulacións a persoas doutra nacionalidade, xa que non será necesaria a homologación de estudos previos realizados no país de orixe.

Cumpre suliñar que con esta normativa non se pretende regular a implantación na nosa universidade das titulacións conxuntas definidas no Real Decreto 1002/2010 de 5 de agosto, sobre a expedición de títulos universitarios oficiais, e no Artigo 15 do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao da Universidade de Vigo para o caso das titulacións compartidas de máster na nosa universidade. Ao abeiro da presente normativa, un estudante poderá obter dous títulos en dous países diferentes tras a superación dun período de estudos programado a tal fin en cada unha das institucións de ensino superior participantes.

O cerne desta normativa o constitúe o acordo para o recoñecemento mútuo de créditos entre dúas universidades. Considérase unha boa práctica por parte das universidades que se esixa cursar nelas unha parte significativa dos estudos conducintes á obtención dunha titulación, aínda que a lexislación non prescribe o número mínimo de créditos a cursar. Neste convenio regúlanse os aspectos organizativos e académicos deste recoñecemento mútuo de estudos. Pola outra banda, os límites de actuación virán fixados pola presente normativa, os nosos Estatutos, e as normas que os desenvolven.

Este modelo sería en principio estensible a iniciativas de recoñecemento mútuo de créditos onde participe máis dunha institución ademáis da Universidade de Vigo. Salvo en casos excepcionais debidamente xustificadas, neste caso parece máis adecuado o modelo de titulacións conxuntas ou compartidas. Non parece xustificada dende un punto de vista académico obter múltiples titulacións oficiais seguindo un único programa de estudos que requira realizar unha parte significativa dos mesmos en cada unha das institucións participantes no programa.

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### Artigo 1. Obxecto.

1.1 O presente regulamento ten como obxecto establecer as condicións académicas para o recoñecemento mútuo de estudos de grao e máster entre a Universidade de Vigo e os seus parceiros internacionais, de xeito que os estudantes alleos que participan en programas de intercambio poidan obter unha titulación da Universidade de Vigo tras superar un número axeitado de créditos na nosa Universidade e completar os seus estudos na súa universidade de orixe.

1.2 Este recoñecemento farase nun contexto de reciprocidade, de xeito que a universidade parceira deberá garantir un recoñecemento equivalente aos nosos estudantes. Así, o estudantado da Universidade de Vigo poderá obter simultaneamente o título correspondente aos seus estudos outorgado pola Universidade de Vigo, e un título que outorgue a universidade parceira, ao abeiro dun convenio específico de recoñecemento de estudos entre as dúas institucións.

### Artigo 2. Xestión do programa

A Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo será o órgano responsable para xestionar e manter a información relativa aos programas de recoñecemento de estudos definidos nesta normativa.

## CAPÍTULO II. DOS CONVENIOS DE RECOÑECIMENTO DE ESTUDOS

Artigo 3. A existencia dun programa de recoñecemento de estudos para a obtención dunha titulación oficial da Universidade de Vigo basearase na sinatura dun convenio específico por parte da Universidade de Vigo e un dos seus parceiros internacionais, no marco dos programas de mobilidade europeos, dos programas propios de mobilidade nos que participa, ou doutros programas de mobilidade que no seu caso se poideran concretar. No convenio definiranse as condicións para o recoñecemento recíproco dos créditos conducentes á obtención das titulacións involucradas.

Artigo 4. O órgano competente para proponer un destes programas na Universidade de Vigo é a Xunta do Centro ao que están adscritos os estudos conducintes á obtención da titulación participante no programa.

No caso de que non exista un acordo previo de mobilidade entre as institucións participantes, o centro proponente poderá promover ambos acordos de xeito simultáneo, ou promover un único convenio que integre a mobilidade e o programa de recoñecemento de estudos.

Artigo 5. O convenio específico de recoñecemento recíproco dos créditos conducentes á obtención dunha titulación oficial recollerá de xeito explícito alomenos os aspectos seguintes:

- a. Identificación das titulacións da Universidade de Vigo e da universidade de destino participantes no programa.
- b. Identificación da persoa responsable dos aspectos académicos do programa e de coordinación coa universidade socia.
- c. Número máximo de estudantes participantes de cada institución.
- d. Duración do convenio específico, e condicións de prórroga ou renovación, se procede.
- e. O anexo descrito no artigo 6 desta normativa.

Artigo 6. O convenio específico de recoñecemento incluírá un anexo onde se concretarán as condicións académicas do programa. Este anexo forma parte integral do convenio específico, e incluírá como mínimo a seguinte información:

- a. Relación de requisitos académicos previos que deberá satisfacer o estudantado da universidade parceira para participar no programa, se procede. Incluirase de xeito explícito a suma total de créditos ECTS correspondentes aos estudos previos establecidos como requisito.
- b. Relación de requisitos académicos previos que deberá satisfacer o estudantado da Universidade de Vigo para participar no programa, se procede. Incluirase de xeito explícito a suma total de créditos ECTS correspondentes aos estudos previos establecidos como requisito.
- c. Relación de materias impartidas na Universidade de Vigo que o estudantado da universidade parceira poderá cursar para a obtención da titulación oficial da Universidade de Vigo contemplada no programa, unha vez superados os estudos recollidos no punto a, identificando as materias que teñen carácter obrigatorio dentro deste programa. Indicarase de xeito explícito o número mínimo de créditos de dita relación que se deberán superar.
- d. Relación de materias impartidas na universidade de destino que o estudantado da Universidade de Vigo poderá cursar para a obtención da titulación oficial da universidade de destino contemplada no programa, unha vez superados os estudos recollidos no punto b, identificando as materias que teñen carácter obrigatorio dentro do programa. Indicarase de xeito explícito o número mínimo de créditos de dita relación que se deberán superar.

- e. Unha tabla-resumo que inclúa o número global de créditos do programa en cada institución participante, o número de créditos correspondentes aos requisitos previos para participar no programa, de ser o caso, e o número mínimo e máximo de créditos cursados en cada institución participante en función do tipo de materias (obrigatorias, optativas, ...).
- f. Unha dilixencia de aprobación das condicións académicas do programa, por parte da Xunta de Centro da Universidade de Vigo onde estean adscritos os estudos involucrados.
- g. Unha dilixencia de aprobación das condicións académicas do programa, por parte do órgano competente da Universidade de destino.

#### Artigo 7. Créditos mínimos a superar.

7.1. O estudiantado participante nestes programas deberá superar en cada Universidade un mínimo de 60 créditos ECTS para os estudos de grao, e un mínimo de 30 créditos ECTS para os estudos de máster.

7.2. Segundo o establecido no artigo 6, punto 2 do real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, modificado polo real decreto 861/2012, de 2 de xullo, que establece a ordenación das ensinanza universitarias oficiais, tanto o estudiantado estranxeiro como o propio participante nestes programas deberá superar na Universidade de Vigo os créditos correspondentes aos traballos de fin de grao ou máster.

Artigo 8. A Comisión delegada do Consello de Goberno competente nos asuntos académicos<sup>1</sup> do ciclo da titulación afectada avaliará as propostas de programas de recoñecemento de estudos tendo en consideración as características académicas da universidade socia, as equivalencias entre os estudos incorporados ó programa, e calquera información adicional relevante aportada polo órgano proponente.

Artigo 9. Os convenios específicos para o desenvolvemento destes programas asinaranse polo Reitor ou a persoa responsable da vicerreitoría na que delegue, co informe favorable da comisión delegada do Consello de Goberno competente.

### CAPÍTULO III. DA PARTICIPACIÓN DO ESTUDANTADO

Artigo 10. Poderán participar nestes programas aqueles e aquelas estudantes que estean cursando estudos oficiais de grao ou máster na Universidade de Vigo para os que existan uns estudos equivalentes nunha universidade estranxeira coa que se teña asinado un convenio específico de recoñecemento de estudos.

---

<sup>1</sup> No momento de aprobar a presente normativa, a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) no caso do grao, e a Comisión de Estudos de Posgrao no caso do máster.

Artigo 11. Para participar nun destes programas, o estudiantado propio deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a. Estar matriculado na Universidade de Vigo en estudos oficiais de grao ou máster no momento da solicitude, durante a realización das estadías na universidade de destino asociadas ao programa, e no momento de estar en condicións de obter o título correspondente na Universidade de Vigo.
- b. Ter superados os requisitos académicos previos que deberá satisfacer o estudiantado da Universidade de Vigo para participar no programa, recollidos no convenio específico indicado nos artigos 5 e 6 da presente normativa.
- c. Contar coa conformidade da persoa responsable de relacións internacionais da titulación no centro de orixe.
- d. Dispor da aceptación oficial da institución de acollida para realizar os estudos que solicita. A comunicación ou carta de aceptación especificará explícitamente que se participa nun programa de recoñecemento de estudos que permite obter unha titulación de dita universidade tras superar os requisitos académicos recollidos no convenio específico.
- e. Superar en cada universidade participante no programa alomenos o número de créditos mínimo establecido no convenio específico.

Artigo 12. O estudiantado participante nestes programas terá os dereitos seguintes:

- a. A recibir información a través da Oficina de Relacións Internacionais, e a través dos responsables de relacións internacionais e títos académicos dos seus centros, sobre as convocatorias, bolsas, requisitos e trámites administrativos necesarios para a adecuada organización e planificación da súa estadía internacional, así como sobre as condicións para o a obtención e expedición dos dous títulos recollidos no programa.
- b. A formalizar antes da partida un contrato de estudos que recolla o programa de estudos previsto e o recoñecemento de créditos. Os procedementos, documentación e condicións da elaboración do contrato de estudos serán os correspondentes aos do estudiantado que participa en programas de mobilidade ao abeiro dos convenios, acordos e programas de mobilidade vixentes na Universidade de Vigo.
- c. Ao pleno recoñecemento dos créditos dos estudos realizados como parte do plan de estudos oficiais, nos termos previstos no contrato de estudos e no convenio específico. Os procedementos, documentación e condicións do recoñecemento serán os correspondentes aos do estudiantado que participa en programas de mobilidade ao abeiro dos convenios, acordos e programas de mobilidade vixentes na Universidade de Vigo, así como o modo en que serán recollidos no seu expediente académico.
- d. A conservar as bolsas e axudas ao estudo que non sexan incompatibles coa coa participación no programa.
- e. Á exención de matrícula na universidade de destino e/ou as taxas de exame, sempre que as condicións do programa de intercambio, ou o

acordo ou convenio específico asinado entre a Universidade de Vigo e dita universidade así o establezan.

- f. A obter os dous títulos académicos recollidos no convenio específico unha vez superados os requisitos académicos establecidos do programa.

Artigo 13. O estudiantado participante nestes programas terá as obrigas seguintes:

- a. De formalizar correctamente e de xeito fidedigno, e de presentar no tempo e forma establecidos, a solicitude de participación no programa, o contrato de estudos correspondente aos estudos a realizar, os informes de fin de estadía, e o resto da documentación esixida pola Oficina de Relacións Internacionais para a participación nun programa de intercambio académico.
- b. De comunicar calquera cambio que se produza na situación académica do estudante que afecte á súa participación no programa.
- c. De suscribir, de ser o caso, por requerimento da institución de destino, un seguro de accidentes, de saúde, ou de responsabilidade civil que cubra o período da estadía.
- d. De realizar os trámites correspondentes, antes e durante a estadía, para garantir que a situación xurídica do estudante no país de destino cumpre todas as esixencias da lexislación vixente en dito país.
- e. De incorporarse á institución de destino na data establecida, e de comunicarlle dita incorporación á Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, facéndolle chegar no prazo de dez días a contar dende a data de incorporación o certificado de chegada correspondente.
- f. De comunicar á persoa responsable de relacións internacionais da titulación no centro na Universidade de Vigo, á Oficina de Relacións Internacionais, e á persoa responsable da coordinación académica no caso de estudantes de máster, o seu enderezo, correo electrónico, e teléfono de contacto no país de destino.
- g. De cumprir íntegramente as normas académicas e de comportamento da institución de destino.
- h. De aproveitar na medida das súas posibilidades o programa de estudos, incluíndo a súa participación en todos os procesos de avaliación previstos para os cursos, materias e créditos recollidos no contrato de estudos.
- i. De facer chegar á persoa responsable de relacións internacionais da titulación no centro na Universidade de Vigo, ou á persoa responsable da coordinación académica no caso de estudantes de máster, as certificacións académicas correspondentes á súa estadía na universidade de destino.
- k. De solicitar a expedición do título correspondente e satisfacer as taxas aplicables a dita expedición na universidade de acollida, unha vez rematados os estudos.

O incumprimento de calquera destas obrigas por causas non xustificadas poderá supor a perda do dereito ao recoñecemento académico, así como a exclusión en futuros procesos de selección en calquera programa de mobilidade internacional no que participe a Universidade de Vigo ou promovido por esta. As medidas serán acordadas polo Reitor a proposta da vicerreitoría con competencias en

relacións internacionais, tra-la incoación do correspondente expediente contradictorio.

Artigo 14. Os estudantes da Universidade de Vigo que desexen participar nun destes programas deberán presentar no rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera forma das previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, unha solicitude dirixida á vicerreitoría competente en relacións internacionais, no tempo e forma que se estableza na convocatoria correspondente. Dita convocatoria especificará en calquera caso o prazo máximo de resolución, os recursos que as persoas interesadas poderán interpor contra esta, e o prazo de impugnación. A persoa responsable das relacións internacionais do centro e o Servizo de Alumnado da Universidade de Vigo recibirán unha copia da resolución e das que sexan consecuencia da mesma.

#### CAPÍTULO IV. DA EXPEDICIÓN DE TÍTULOS

Artigo 15. A vicerreitoría competente en relacións internacionais comunicará ao Servizo de Alumnado os alumnos de intercambio alleos que participen nestes programas e que teñan satisfeito os requisitos académicos para a obtención dunha titulación oficial da Universidade de Vigo.

Artigo 16. Un estudante alleo participante nestes programas de recoñecemento de estudos poderá solicitar a expedición do título correspondente á titulación participante da Universidade de Vigo se cumpre os requisitos seguintes:

- a. Ter superados os estudos a cursar na Universidade de Vigo recollidos no convenio específico e na presente normativa.
- b. Ter solicitada a expedición do título correspondente na súa universidade de orixe.

En tanto non se produza a efectiva expedición e entrega á persoa interesada do título solicitado, aquela terá dereito, dende o momento de aboar os dereitos de expedición do título, a que se lle expida certificación de que o título solicitado se atopa en trámite de expedición.

Artigo 17. Os procedementos de expedición, entrega e remisión dos títulos correspondentes ás ensinanzas impartidas na Universidade de Vigo aos estudantes alleos participantes nestes programas serán os establecidos na Universidade de Vigo para os seus propios estudantes.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Única. Programas con máis de dúas universidades participantes.

A Universidade de Vigo poderá promover programas dos recollidos nesta normativa nos que participen máis de dúas universidades. Neste caso, aplicarase a cada universidade participante o disposto nesta normativa, tendo en conta as seguintes consideracións:

- a. O convenio específico recollido nos artigo 5 e 6 asinarase por todas as institucións participantes.
- b. O convenio centrarase en estipular as condicións académicas para a obtención dunha titulación oficial en dúas das institucións participantes no consorcio. Só de xeito excepcional debidamente xustificado, a vicerreitoría con competencias en relación internacionais poderá aprobar programas conducintes á obtención de tres ou máis titulacións en cadansúa institución, previo informe vinculante da comisión delegada do Consello de Goberno competente nos asuntos académicos do tipo de titulación de que se trate (grao ou máster).
- c. O alumnado participante de Universidade de Vigo obterá un título oficial en alomenos unha universidade estraxeira.